

AS SEGADORAS

Ánxela Lema París. Nacín en Muros, exactamente entre a area da praia de Area Maior. Hai uns meses díxéronme que xa estaba oficialmente graduada en galego e portugués mais aínda non sei moi ben o que me intentan dicir. Agora mesmo estou a cursar un mestrado de literatura na Coruña mais marchó (escapo) a rematalo en Portugal mentres agardo que se constrúa ese mundo que moita xente pensa que non pode existir. Gústanme os acordeóns, o queixo en todas as súas variantes e formas, escoitar a música moi moi alta e darlle a volta a todo.



Verónica Martínez

Nacín e medrei en Valdoviño, nun mundo en pequeno, nunha casa onde as portas só pechaban, e nun contexto onde a violencia era tan habitual que rematamos por normalizala inevitablemente, como un xeito máis de indefensión aprendida.

Tendo eu menos de dez anos, meu avó sentenciaba que non debía casar a non ser por amor, porque agora existía o aborto (sic). Miña avoa suplicábame que a crese, cando aseguraba que ela non os educara así, referíndose aos seus fillos. A miña tía paterna transmitía, en segredo, que se algunha vez me pasaba algo cun rapaz, que mercara a píldora na farmacia e que tomara a caixa toda. O único mestre que non

ollaba absolutamente cara outro lado, (irrompía na aula algunha vez, cantando Cantinero de Cuba, Cuba, Cuba... para evitarnos algún que outro golpe), cando a nosa mestra nos pegaba diaria, arbitraria e aleatoriamente, pedíume que lle fixese caso, que tiña que estudar, como única meta, saída e obxectivo. Naquela altura, meu pai tamén me lembraba, semanalmente, que a única liberdade posible era a económica. Tarde demasiado tempo en comprender as mensaxes. A única certeza que posuía, por lle levar a contraria ao meu pai, era a de que a verdadeira liberdade, o verdadeiro reduto que aínda ficaba intacto, era o meu pensamento. Non concordaba co que estaba a vivir e tampouco o entendía. Soñaba en silencio todo o día, devoraba libros para me afastar do pequeno mundo que me asfixiaba, e comecei a necesitar expresarme, a denunciar o vivido e observado, a rexistrar os meus pensamentos. Desta forma, iniciéime na escrita con apenas catorce anos, como unha necesidade que, agardo, me acompañe toda a vida.

Ana I. Morales (Bilbao, 1969): son tradutora e intérprete, adicta á literatura e mai.

Os meus intereses ideolóxicos, literarios e académicos xiran en torno ao feminismo e os temas LGTBQ. Estudei Filoloxía vasca na Universidad de Deusto e cursei Estudos de xénero na Universidade de Maryland e de Tecnoloxías Lingüísticas na Universidade do País Vasco. Fun tradutora das Nacións Unidas en Nova York e actualmente traballo como tradutora e intérprete na Universidade do País Vasco. Traducín ao euskera obras de Jane Austen, Margaret Oliphant, Charlotte Perkins-Gilman, Kate Chopin, Shirley Jackson, Virginia Woolf, Susan Glaspell e Percival Everett, entre outras. Tamén traducín e adaptei ao éuscaro e castelán obras teatrais para a compañía Maskarada, como *Extrak/Extras* e *Souvenir: historiako kantaririk txarrena/Souvenir: la peor cantante de la historia*. Fixen algunhas incursións na creación literaria, con contos como "Adibidez", "Esnea etorriko zaizu" e *Arazoak zinetokian*. Son unha das autoras do podcast literario "[Xerezaderen Artxiboa](#)" e pásao ben facendo lecturas públicas dramatizadas de narracións literarias. Pódesme atopar en Twitter co nome de @Anaisni.

